



***PREVENCIÓN DE RISCOS  
LABORAIS NA DEFENSA CONTRA  
INCENDIOS FORESTAIS***





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA

Autora:

**Ana V. Meca Juncal**

*Técnica Superior de P. R. L.  
do Servizo de Prevención de Riscos Laborais  
da Administración Xeral da Xunta de Galicia.*



○ Cadros de risco.	5
Actividades relacionadas.	
Persoal afectado.	
Medidas preventivas e correctoras.	
Equipamento de protección individual (EPI)	
○ Características do EPI.	29
○ Precaucións xerais.	30
○ Situacións nas cales o perigo aumenta.	31
○ Cómo escapar dun incendio.	32
○ Dez normas de seguranza.	33



*A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, exige conservar ao dispor da autoridade laboral a documentación derivada da avaliación de riscos laborais.*

Para dar cumprimento a esta exigencia, a seguir inclúese a citada documentación sobre a avaliación de riscos nas actividades e tarefas de prevención e extinción de incendios do persoal do S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia.

Análise de riscos e medidas preventivas nestas tarefas:



**01 - CAÍDA DE PERSOAS A DISTINTO NIVEL**

Inclúe as caídas de altura (árbores, rochas, máquinas, vehículos, aberturas no chan), etc.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Arrefriamento.</li> <li>○ Sufocación.</li> <li>○ Acceso posto de vixilancia.</li> <li>○ Tarefas de vixilancia.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Vixilante móbil.</li> <li>○ Vixilante fixo.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DESPPRAZAMENTOS A PÉ:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Poñer atención nos ocós formados da combustión de tocos e raíces.</li> <li>✓ Pasar con coidado entre rochas e pedras.</li> <li>✓ Levar o casco co barbaqueixo posto.</li> <li>✓ Pisar sobre chan seguro e non correr ladeira abaixo.</li> </ul> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Evitar subir e andar sobre as ramas e troncos cortados.</li> <li>✓ Dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li> </ul> <p><b>MANEXO DE MAQUINARIA PESADA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Só debe ir sobre o tractor o seu condutor, que debe estar cualificado para conducilo. Non utilizar o tractor para o transporte do persoal.</li> <li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da maquinaria e formación.</li> </ul> <p><b>CONDICIÓNS DE TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Non se traballará baixo circunstancias que diminúan sensiblemente as condicións físicas do operario.</li> </ul> <p><b>TORRES DE VIXILANCIA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Débese descender e ascender polas escaleiras das torres agarrándose aos barrotes ou pasamáns e tendo especial coidado cos esvaramentos se o tempo se torna húmido.</li> </ul>
<b>EPI</b>	<p><b>Botas de seguraza e casco de protección.</b></p>





## 02 - CAÍDA DE PERSOAS AO MESMO NIVEL

Inclúe as caídas en lugares de paso ou de traballo, e caídas sobre ou contra obxectos.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Desprazamentos a pé.</li><li>○ Eliminación do combustible por corte.</li><li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li><li>○ Arrefriamento.</li><li>○ Sufocación.</li></ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Peón e peón condutor.</li><li>○ Vixilante móbil.</li><li>○ Vixilante fixo.</li><li>○ Emisorista.</li><li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li><li>○ Condutor de motobomba.</li><li>○ Xefe de brigada.</li><li>○ Operador-codificador.</li><li>○ Axente forestal.</li><li>○ Técnico.</li><li>○ Técnico superior.</li></ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DESPRAZAMENTOS A PÉ:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Débese pisar sobre chan seguro. Non corra ladeira abaixo.</li><li>✓ Non se debe colocar persoas e máquinas directamente uns por riba doutros en pendentes fortes, senón espaciados de 3 en 3 metros.</li><li>✓ Ao andar polo monte con ferramentas, debe haber unha separación de uns 2 metros cada 2 homes. Nunha ladeira, as ferramentas deben levarse polo lado descendente.</li><li>✓ Transite por zonas despexadas.</li><li>✓ Mire ben onde se pisa e evitar os obstáculos.</li></ul> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MANUAIS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Evite andar sobre ramas, rochas durante o manexo das ferramentas.</li></ul> <p><b>EMPREGO DE RETARDANTES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Os lugares onde caen os retardantes normalmente quedan esvaradíos, polo que se debe ter coidado ao camiñar por eles.</li></ul> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Cuando se manexen ferramentas deste tipo, débense parar durante os desprazamentos. Non cambie de lugar con elas acesas.</li><li>✓ Utilice as máquinas sempre coas dúas mans.</li><li>✓ Recomendase colocar a máquina que se estea a utilizar no chan para arrincala ( p.e. motoserra).</li></ul> <p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Preste atención aos compañeiros e as ferramentas cando se transite pola liña de defensa construída. Non fuxa ladeira arriba cando o lume suba por esta, tente pasar cara aos flancos.</li></ul>
<b>EPI</b>	<b>Botas de seguranza e casco de protección.</b>



### 03 - CAÍDA DE OBXECTOS POR DERRUBA

Comprende os desprendementos de masa de terra, rochas, aludes, auga, etc.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento.</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Vixilante móbil.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DESPRAZAMENTOS A PÉ:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Ao pasar xunto a unha árbore queimada ou debilitada polo lume, fágao pola parte de riba e con atención.</li> <li>✓ Se hai risco de que roden rochas ou troncos, débese poñer un vixía que avise. Se este dá a alarma, non hai que moverse ata ver de onde vén o perigo e, despois, fuxir rapidamente e protexerse detrás dunha árbore grande ou calquera outra protección segura. Se non hai, hai que poñerse en lugar despexado e con visibilidade para poder apartarse mellor.</li> </ul> <p><b>EMPREGO DE MEDIOS AÉREOS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Debe evitarse que a descarga do avión caia directamente sobre o persoal. Cando o avión vai descargar, o persoal de terra debe retirarse, regresando a seguir para rematar o lume.</li> <li>✓ Se é imposible retirarse, hai que deitarse de bruços no chan, co casco posto, dirixindo a cabeza cara ao avión e detrás dun tronco ou unha rocha, se os hai, agarrándose a algo para evitar que ser arrastrado pola auga. Débense poñer a un lado, e ladeira abaixo, as ferramentas. Non se debe correr, a menos que se poida escapar.</li> <li>✓ Se se está debaixo do arboredo, hai que evitar as árbores secas, as ramas mortas, as rochas soltas, etc.</li> <li>✓ Se se usan helicópteros, só debe achegarse o persoal autorizado.</li> </ul> <p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ En traballos que se desenvolvan en terreos con fortes pendentes ou pedregosos, deberase prestar maior atención ás derrubas ou desprendementos que se produzan nas zonas superiores á área de traballo.</li> <li>✓ Hai que se asegurar de que o personal se encontra fóra da zona de alcance dun posible esvaramento por rodadura dun tronco.</li> </ul>
<b>EPI</b>	<p><b>Botas de seguranza e casco de protección.</b></p>





**04 – CAÍDA DE OBXECTOS POR MANIPULACIÓN**

Comprende as caídas de ferramentas e materiais sobre un traballador, sempre que o propio accidentado sexa a persoa a quen lle cae a ferramenta que está a manipular.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento.</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón.</li> <li>○ Peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DA MOTOSERRA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Non se debe cortar ramas coa punta da espada.</li> <li>✓ Debe traballar un só operario en cada árbore, cando se estea a traballar cunha motoserra.</li> </ul> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MANUAIS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Ao traballar con ferramentas, debe haber unha separación de uns 3 metros cada 2 persoas.</li> <li>✓ Non se debe tirar nunca coas ferramentas nin xogar ou brincar con elas, para evitar danos imprevisibles.</li> <li>✓ Cada ferramenta debe empregarse unicamente para a súa aplicación específica.</li> <li>✓ Cando non se están usando, as ferramentas deben gardarse no seu sitio.</li> <li>✓ As ferramentas deben manterse en bo estado de conservación.</li> <li>✓ Cando se está no traballo e non se está utilizando a ferramenta, débese deixar en sitio ben visible apoiada contra unha árbore, un toco ou nunha cuneta, cos gumes cara abaixo.</li> <li>✓ Vixiarase o mango, por se ten algunha fisura e, neste caso, deberase cambiar inmediatamente.</li> <li>✓ Evitar que o mango estea impregnado de substancias que o fagan esvaradío.</li> <li>✓ Non situar os pés preto da zona para onde se dirixe o golpe nin utilzalos para suxeitar.</li> <li>✓ Cando se traballe en terreos con pendente farase cara arriba.</li> </ul> <p><b>DESPRAZAMENTOS A PÉ:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Ao desprazarse débese poñer a ferramenta sobre o ombro coa parte metálica cara atrás.</li> </ul>
<b>EPI</b>	Botas de seguranza, casco de protección e luvas.







### 05 – CAÍDA DE OBXECTOS DESPRENDIDOS

Comprende as caídas de ferramentas, materiais, etc sobre un traballador, sempre que este non as estea a manipular.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Eliminación do combustible por corte.</li><li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li><li>○ Arrefriamento</li><li>○ Sufocación.</li></ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Peón e peón condutor.</li><li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li><li>○ Condutor de motobomba.</li><li>○ Xefe de brigada.</li><li>○ Axente forestal.</li></ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Débese estudar previamente os puntos de corte nas ramas que estean en situación inestable.</li><li>✓ A tarefa será realizada por persoas coñecedoras da técnica.</li><li>✓ Sempre que nos sexa posible, nos situaremos xunto a árbore que se vai podar de forma que o tronco nos protexa de posibles cortes.</li><li>✓ Non nos colocaremos embaixo das ramas que caen ao seren cortadas.</li><li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li></ul> <p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ En traballos que se desenvolvan en terreos con fortes pendentes ou pedregosos, deberase prestar maior atención ás derrubas ou desprendementos que se produzan nas zonas superiores á área de traballo.</li><li>✓ Débese pasar polas árbores queimadas ou debilitadas pola parte de riba e con atención.</li><li>✓ Non se achegue ata que sexa visto e se suspenda o traballo.</li><li>✓ Débese soltar a ferramenta cando se estea parado, apartándoa e deixándoa en sitio ben visible.</li></ul> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MANUAIS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Non se debe tirar nunca coas ferramentas nin xogar ou brincar con elas, para evitar danos imprevisibles.</li><li>✓ Cada ferramenta debe empregarse unicamente para a súa aplicación específica.</li><li>✓ As ferramentas deben manterse en bo estado de conservación.</li><li>✓ Vixiarase o mango por se ten algunha fisura e, neste caso, deberase cambiar inmediatamente.</li><li>✓ Evitarase que o mango estea impregnado de substancias que o fagan esvaradío.</li><li>✓ Hai que se asegurar de que non hai ningún obstáculo na traxectoria do impulso.</li></ul>
<b>EPI</b>	<b>Botas de seguranza e casco de protección.</b>



**06 – PISADAS SOBRE OBXECTOS**

Inclúe os accidentes que dan lugar a lesións como consecuencia de pisadas sobre obxectos punxentes ou cortantes (rochas, ramas, etc).


<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Desprazamentos a pé.</li> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento.</li> <li>○ Sufocación.</li> <li>○ Tarefas de vixilancia</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Vixilante móbil.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cando non se están a usar, as ferramentas deben gardarse no seu sitio.</li> <li>✓ Cando se está no traballo ,e non se están a utilizar as ferramentas, débense deixar en sitio ben visible apoiadas contra unha árbore, un toco ou nunha cuneta, cos gumes cara abaixo.</li> <li>✓ Evítese andar sobre ramas, rochas,... durante o manexo das ferramentas.</li> <li>✓ Ao camiñar sobre o chan quente débese observar que non haxa canotos queimados no chan que poidan penetrar na sola da bota.</li> </ul>
<b>EPI</b>	Botas de seguranza.





### 07 – GOLPES CONTRA OBXECTOS INMÓBILES.

Considera o traballador como unha parte dinámica, que intervéñe de forma activa, golpeándose contra un obxecto (p.e. rochas) que non está en movemento.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Eliminación do combustible por corte.</li><li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li><li>○ Arrefriamento.</li><li>○ Sufocación.</li><li>○ Tarefas de vixilancia.</li></ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Peón e peón condutor.</li><li>○ Vixilante móbil.</li><li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li><li>○ Condutor de motobomba.</li><li>○ Xefe de brigada.</li><li>○ Axente forestal.</li></ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DESPRAZAMENTOS A PÉ:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Débese evitar andar sobre ramas, rochas durante o manexo das ferramentas.</li><li>✓ Pise sobre chan seguro. Non corra ladeira abaixo.</li><li>✓ Transite por zonas despexadas.</li><li>✓ Mire ben onde pisa e evite os obstáculos.</li></ul> 
<b>EPI</b>	Botas de seguranza




<b>08 – GOLPES E CONTACTOS COS ELEMENTOS MÓBILES DA MÁQUINA</b>	
<b>O traballador sofre golpes, cortes, rabuñaduras, ... ocasionados por elementos móbiles das máquinas. No se inclúen os atrapamentos.</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Eliminación do combustible por corte.</li><li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li><li>○ Arrefriamento.</li></ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Peón.</li><li>○ Peón condutor.</li><li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li><li>○ Condutor de motobomba.</li><li>○ Xefe de brigada.</li></ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Para realizar o mantemento, a máquina ten que estar completamente parada.</li><li>✓ Para chamar a atención dun maquinista que estea a traballar, achegarse sempre pola parte frontal. Non se aproxime ata que non teña interrompido a tarefa.</li><li>✓ Débese desbotar a brida de apoio da folla , e a folla se ten algunha fendadura, así como a porca de apertamento da folla cando perda a forza.</li><li>✓ Para arrincar a rozadora, asegúrese que a folla non esté en contacto co chan.</li><li>✓ O protector do útil de corte sempre estará posto durante o traballo, segundo recomendación do fabricante.</li><li>✓ Evite os rebotes e o contacto do útil metálico de corte coas pedras. Non corte coa zona do disco comprendida entre as 12 e 15 h.</li><li>✓ Cando no estea rozando, teña o motor en marcha e afaste o dedo do acelerador.</li><li>✓ A tarefa será realizada por persoas coñecedoras da técnica.</li><li>✓ Xamais se burlarán os sistemas de protección que leven incorporados as máquinas.</li><li>✓ Non se traballará baixo circunstancias que diminúan sensiblemente as condicións físicas do operario.</li><li>✓ Antes de facer calquera xiro coa máquina, asegúrese de que ninguén está próximo e non hai obstáculos.</li><li>✓ Gardea distancia de seguranza respecto a outros compañeiros.</li><li>✓ O cambio do disco debe realizarse segundo as especificacións do fabricante.</li><li>✓ Para a afiadura use sempre luvas. Non afíe nin toque a folla co motor en marcha.</li><li>✓ Non apoie o corte coa man ou o pé.</li><li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li></ul>
<b>EPI</b>	<b>Botas de seguranza, luvas, pantalla e pantalóns de seguranza.</b>



### 09 – GOLPES POR OBXECTOS OU FERRAMENTAS

Inclúense marteladas, golpes con ferramentas ou obxectos (madeira, pedras, ferros,...). Non se inclúen os golpes por caídas de obxectos.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Eliminación do combustible por corte.</li><li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li><li>○ Arrefriamento</li><li>○ Sufocación.</li></ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Peón e peón condutor.</li><li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li><li>○ Condutor de motobomba.</li><li>○ Xefe de brigada.</li><li>○ Axente forestal.</li></ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Para chamar a atención dun maquinista que estea a traballar, achéguese sempre pola parte frontal. Non se aproxime ata que o vexa e interrompa a tarefa.</li><li>✓ Garde a distancia de seguranza respecto doutros compañeiros.</li><li>✓ Solte a ferramenta cando estea parado, apártea e póña en sitio ben visible.</li></ul> 
<b>EPI</b>	Botas de seguranza e luvas.



## 10 – PROXECCIÓN DE FRAGMENTOS OU PARTÍCULAS

Comprende os accidentes debidos á proxección sobre o traballador de partículas ou fragmentos procedentes de máquinas ou ferramentas.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón.</li> <li>○ Peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DE EXTINTORES DE EXPLOSIÓN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cando se usen os extintores de explosión, os combatentes deben retirarse algúns metros detrás da liña de extintores, para evitar que algún fragmento deles os alcance ao estourar.</li> <li>✓ Débese gardar a distancia de seguranza respecto doutros compañeiros.</li> </ul> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Débese desbotar a brida de apoio da folla se ten algunha fendedura así como a porca de apertamento da folla cando perda a forza.</li> <li>✓ Para arrincar a rozadora, asegúrese de que a folla non estea en contacto co chan</li> <li>✓ Evite os rebotes e o contacto do útil metálico de corte coas pedras. Non corte coa zona do disco comprendida entre as 12 e 15 h.</li> <li>✓ Manteña as coitelas e o fío perfectamente apertados, ante un golpe cun obxecto duro, revise de novo que estean apertadas, xa que o fan en sentido inverso ao xiro do rotor.</li> <li>✓ Non corte a maleza sen saber o que esconde debaixo, e non utilice o pulsador continuo nas pendentes.</li> <li>✓ Non use unha máquina con folgura nas mans e agarradoiras.</li> </ul> <div style="text-align: right;">  </div> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MANUAIS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ En superficies pedregosas deberá impulsalas con certa suavidade para que non salten partículas.</li> <li>✓ Vixíe se hai pedras cando estea a traballar sobre o chan.</li> <li>✓ Teña o máximo coidado nos terrenos pedregosos. Utilice pantalla.</li> </ul> <p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Garde a distancia de seguranza respecto doutros compañeiros.</li> <li>✓ Ao subir ao helicóptero empregue os lentes e o casco de protección, e ao estar na zona de operacións do helicóptero.</li> </ul> <p style="text-align: center;">Lentes ou pantalla facial de seguranza, luvas e botas de seguranza.</p>



### 11 – ATRAPAMENTOS POR OU ENTRE OBXECTOS

Elementos de máquinas (motoserra, rozadora, tractores,...), diversos materiais, etc.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento.</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón.</li> <li>○ Peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Débese comprobar o bo funcionamento da ferramenta antes de comezar as tarefas que se van realizar.</li> <li>✓ Débese ter posto correctamente o equipamento de seguraza recomendado.</li> <li>✓ Débese utilizar roupa cinxida, evitando así a roupa demasiado solta, como bufandas ou outros atavíos incompatibles coa actividade.</li> </ul>
<b>EPI</b>	Luvas.



### 12 – ATRAPAMENTOS POR ENVORCADURA DE MÁQUINAS

Inclúe os atrapamentos debidos a envorcadura de tractores, vehículos ou outras máquinas, quedando o traballador aprisionado por elas.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DE MAQUINARIA PESADA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Non se deben colocar persoas e máquinas directamente uns por riba de outros en pendentes fortes, senón espaciados de 3 en 3 metros.</li> <li>✓ Non se deite ou sente baixo un tractor.</li> <li>✓ Non se coloque xusto diante ou detrás dun tractor a traballar.</li> <li>✓ Só debe ir sobre o tractor o seu condutor, que debe estar cualificado</li> </ul>



	para conducilo. Non se debe utilizar o tractor para transportar persoal.
EPI	---





### 13 - SOBRESFORZOS

#### Accidentes orixinados pola manipulación de cargas ou por movementos mal feitos

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS E MANUAIS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Débese controlar o bo funcionamento da ferramenta antes de comezar as tarefas que se van realizar.</li> <li>✓ Débese manter en perfecto estado todos os elementos de seguranza da motoserra.</li> <li>✓ Traballe á altura correcta mantendo as costas ergueitas, evitando as posturas incómodas e forzadas.</li> <li>✓ Manteña un ritmo de traballo constante adaptado ás condicións individuais, para ter controlada a situación en todo momento.</li> <li>✓ Use a ferramenta adecuada para cada tarefa.</li> <li>✓ Teña o arnés correctamente abrochado co peso repartido nos dous ombros por igual, mantendo as costas ergueitas.</li> <li>✓ Estando a rozadora pendurada do arnés libremente, a folla tense que manter paralela ao chan, a unha altura de 10-20 cm.</li> <li>✓ Non puxe bruscamente da máquina cando se produza un entupimento.</li> <li>✓ A máquina deberá estar suspendida sempre no arnés durante o traballo.</li> <li>✓ Se se acumulan ramiñas ou ramas entre a folla e a súa protección, débese parar o motor e solucionar o problema.</li> <li>✓ Débense apoiar os esforzos nas pernas e brazos, evitando posturas inadecuadas.</li> <li>✓ Non traballe por riba da altura do ombro.</li> <li>✓ Non colla peso por riba das súas posibilidades.</li> <li>✓ Débese instruír o persoal sobre o manexo correcto de ferramentas e sobre posturas de seguranza das costas.</li> <li>✓ Débese realizarlles aos traballadores un recoñecemento médico previo para verificar que a capacidade de traballo físico é adecuada á tarefa que realizan.</li> <li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li> </ul>





EPI	---
-----	-----



## 14 – EXPOSICIÓN A TEMPERATURAS EXTREMAS

Accidentes causados por alteracións fisiolóxicas, ao atoparse os traballadores nun ambiente excesivamente frío ou quente.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Arrefriamento.</li><li>○ Sufocación.</li></ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Peón e peón condutor.</li><li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li><li>○ Condutor de motobomba.</li><li>○ Xefe de brigada.</li><li>○ Axente forestal.</li></ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DO CAMIÓN MOTOBOMBA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ O camión debe situarse apartado da dirección do avance do lume, para limitar a acción da calor radiante sobre o equipamento.</li><li>✓ Se o camión está situado nunha pista cara á cal sobe o lume e este progresa moi rapidamente, non é recomendable tentar atallar a fronte do lume directamente co camión. É preferible que este retroceda para atacar polos flancos.</li></ul> <p><b>MANEXO DE MAQUINARIA PESADA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Non se debe usar o tractor en puntos da fronte por onde avanza moi rapidamente o lume. Hai que ter previsto un sistema de sinais de alarma para avisar o tractorista se debe retirarse.</li><li>✓ Débense utilizar preferentemente tractores con inversor, para poder dar marcha atrás rapidamente en caso de perigo.</li><li>✓ Se non é posible retirar o tractor, hai que limpar con el unha zona ata o chan mineral, colocándoo no centro; despois dar contralumes arredor da superficie limpa.</li><li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li></ul> <p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Durante o arrefriamento e sufocación do lume, deberase ter correctamente colocado todo o equipamento de protección.</li><li>✓ Recoméndase o uso de roupa de algodón por debaixo do traxe ignífugo.</li></ul>
<b>EPI</b>	Traxe ignífugo, botas de seguranza, luvas, casco de protección, lentes e máscara.





<b>15 – CONTACTOS TÉRMICOS</b>	
<b>Accidentes debidos a obxectos a temperaturas extremas, que entran en contacto con calquera parte do corpo.</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Deixar arrefriar a máquina antes de realizar nela calquera axuste.</li> <li>✓ Non toque no tubo de escape durante o traballo.</li> <li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li> </ul>
<b>EPI</b>	Traxe ignífugo, luvas, casco, lentes e botas de seguraza.

<b>16 – CONTACTOS ELÉCTRICOS</b>	
<b>Todos os accidentes causados pola electricidade.</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Tarefas de vixilancia.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Vixilante fixo.</li> <li>○ Emisorista.</li> <li>○ Operador-codificador.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DURANTE A VIXILANCIA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Débese desconectar a emisora da batería e da antena.</li> <li>✓ Se se está nunha caseta e o pararraios está instalado, débense pechar portas e fiestras e colocarse lonxe deses ocos e de toda clase de cables, tubaxes, estufas e chemineas.</li> <li>✓ Se se está nunha torre e o pararraios está instalado, pódese permanecer na cabina, con porta e fiestra pechadas. Se a tormenta impresiona moito, pódese abandonar a torre deixando a emisora desconectada.</li> <li>✓ Ao principio da tempada, convén comprobar a instalación do pararraios. O cable de baixada debe estar separado mediante illadores de porcelana.</li> <li>✓ A toma de terra pode fallar por rotura do cable, a rente do chan debido á oxidación. Se isto se produce, deberá empatarse un anaco de cable novo á barra ou placa que está soterrada. É interesante manter húmida a toma de terra, sobre todo en tempo seco.</li> </ul>
<b>EPI</b>	---





## 17 – INHALACIÓN OU INXESTIÓN DE SUBSTANCIAS NOCIVAS

Abrangue os accidentes orixinados por estar nunha atmósfera tóxica ou a inxestión de produtos nocivos. Inclúense as asfixias e afogamentos.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>EMPREGO DE RETARDANTES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Os retardantes amónicos desprenden coa calor gases irritantes para o aparello respiratorio. Debe evitarse a súa inhalación prolongada. Nunca se deben inxerir nin o po nin a mestura.</li> <li>✓ Para o seu emprego é necesario ter o carné básico de aplicador /manipulador destes produtos.</li> </ul> <p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Na extinción do incendio deberase ter posta a máscara e cambiaráselle o filtro cando se empece a notar o cheiro ao fume ou impida a respiración. Se o filtro está en malas condicións, desbotarase e cambiarase por outro.</li> <li>✓ Non se introduza nas zonas onde se observe unha gran cantidade de fume.</li> <li>✓ Preste especial atención nos traballos nos fondos das valgadas cando haxa estabilidade atmosférica.</li> <li>✓ Teña presente que cando o vento vén de cara o fume virá enriba de nós.</li> <li>✓ En caso de non poder respirar, retírese e procure un sitio aberto; teña presente que detrás das cristas haberá acumulación de fume polo efecto de remuíño no vento.</li> <li>✓ En caso de ter dificultade para respirar con normalidade, retírese a unha zona aberta.</li> <li>✓ Cando se acenda un contralume con bengalas, débese facer estirando o brazo e evitando respirar o fume.</li> </ul>
<b>EPI</b>	<b>Máscara</b>





<b>18 – CONTACTOS CON SUBSTANCIAS CÁUSTICAS E/OU CORROSIVAS</b>	
<b>Considera os accidentes por contactos con substancias e produtos que dan lugar a lesións externas.</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Arrefriamento.</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>EMPREGO DE RETARDANTES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Ao mesturar os retardantes que se presentan en forma de po seco, débense usar máscaras.</li> <li>✓ Se a mestura salta para os ollos, débense lavar con auga inmediatamente.</li> <li>✓ Se a roupa se empapa coa mestura, débese quitar o antes posible, enxaugándoa con auga.</li> <li>✓ Os retardantes amónicos desprenden coa calor gases irritantes para o aparello respiratorio. Debe evitarse a sua inhalación prolongada.</li> <li>✓ Nunca se deben inxerir nin o po nin a mestura.</li> <li>✓ Debe evitarse que caian en depósitos ou traídas de auga potable. Os lugares onde caen os retardantes normalmente quedan esvaradíos, polo que se debe ter coidado ao camiñar por eles.</li> <li>✓ Para o seu emprego é necesario ter o carné básico de aplicador /manipulador destes produtos.</li> </ul>  <p><b>EMPREGO DE EXTINTORES DE EXPLOSIÓN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Cando se usen os extintores de explosión, os combatentes deben retirarse algúns metros detrás da liña de extintores, para evitar que algún fragmento deles os alcance ao estourar.</li> </ul>
<b>EPI</b>	<b>Traxe ignífugo, luvas e máscaras.</b>



**19 – LUMES**

**Accións producidas polos efectos do lume ou das súas consecuencias.**

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>EMPREGO DE CONTRALUMES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O contralume só debe ser ordenado por quen dirixa a extinción.</li> <li>✓ Antes de dar o contralume hai que asegurarse de que ninguén quedou entre a beira do incendio e a liña de defensa. Con este fin é conveniente contar o persoal de cando en vez durante a extinción.</li> <li>✓ Se se usan fachos de goteo, debe levarse ben pechado o depósito.</li> <li>✓ Se se usan bengalas, deben levarse na man ou nunha caixa. Débense acender puxando cara a fóra co brazo estirado, evitando respirar o fume.</li> <li>✓ Usar o pano cobrepescozo despregado cando haxa muxicas.</li> </ul> <p><b>EMPREGO DO CAMIÓN MOTOBOMBA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O camión debe situarse apartado da dirección do avance do lume, para limitar a acción da calor radiante sobre o equipamento.</li> <li>✓ Se o camión está situado nunha pista cara á cal sobe o lume e este progresa moi rapidamente, non é recomendable tentar atallar a fronte do lume directamente co camión. É preferible que este retroceda para atacar polos flancos.</li> </ul> <p><b>EMPREGO DE MAQUINARIA PESADA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Non se debe usar o tractor en puntos da fronte por onde avanza moi rapidamente o lume. Ter previsto un sistema de sinais de alarma para avisar o tractorista se debe retirarse.</li> <li>✓ Débense utilizar preferentemente tractores con inversor, para poder dar marcha atrás rápidamente en caso de perigo.</li> <li>✓ Se non é posible retirar o tractor, limpar con el unha zona ata o chan mineral, colocándoo no centro; despois dar contralumes arredor da superficie limpa.</li> </ul> <p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Utilice para repostar recipientes antiderramamento.</li> <li>✓ Non arrinque a máquina no lugar onde se pon combustible.</li> <li>✓ No arrinque a máquina se detecta fugas de combustible ou se hai risco de chispas.</li> <li>✓ Non deposite en quente a máquina en lugares con material combustible.</li> <li>✓ Non deposite as garrafas en lugares expostos ao sol ou a fontes de calor nos lugares de traballo.</li> </ul>
<b>EPI</b>	<b>Traxe ignífugo, botas, luvas, casco de protección, lentes e máscara.</b>



## 20 – CAUSADOS POR SERES VIVOS

Inclúense os accidentes causados directamente por persoas e animais, xa sexan agresións, mordeduras, picadas, etc.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento.</li> <li>○ Sufocación.</li> <li>○ Tarefas de vixilancia</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Vixilante móvil.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Teña precaución ao coller obxectos, ferramentas,... que estean no chan; non meta as mans directamente debaixo deles.</li> <li>✓ Ao facer o mantemento das ferramentas e aparellos, escolla un lugar aberto, onde se poida advertir a presenza de seres vivos.</li> <li>✓ Cando se collan restos de maleza (combustible) móvaos un pouco antes de meter as mans debaixo para agarralos.</li> <li>✓ Débese adquirir unha caixa de urxencias para cada lugar de traballo (consúltese co médico a posibilidade de incluír nela antídotos contra víboras, avespas ou abellas).</li> <li>✓ Débese formar o personal en materia de primeiros auxilios.</li> <li>✓ O propio equipamento de protección persoal servirá para evitar as picadas de víboras, avespas, etc, polo que se informará a todo o persoal sobre a obriga de levalo posto.</li> </ul>
<b>EPI</b>	Luvas, casco, traxe e botas de seguranza.







## 21 – ATROPELOS, GOLPES E CHOQUES CONTRA VEHÍCULOS

Comprende os atropelos de persoas por vehículos, así como os accidentes de vehículos nos cales o traballador lesionado vai sobre o vehículo ou vehículos. No se inclúen os accidentes de tráfico.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> <li>○ Tarefas de vixilancia.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Vixilante móbil.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> <li>○ Técnico.</li> <li>○ Técnico superior.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>EMPREGO DE MEDIOS AÉREOS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Nas pistas das avionetas só debemos achegarse a elas cando estean cos motores en marcha, o piloto e os mecánicos. Para cargalas de auga hai que dirixirse a elas por detrás. Non hai que poñerse diante nunca. Pero cando sexa necesario, hai que aproximarse por diante, para ser vistos polo piloto.</li> <li>✓ Cando a avioneta vai tomar terra, todo o persoal debe estar no seu posto, apartado da pista, para evitar imprevistos.</li> </ul> <p><b>EMPREGO DE MAQUINARIA PESADA E VEHÍCULOS TRANSPORTE PERSOAL:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Non se deite ou sente baixo un tractor.</li> <li>✓ Non se coloque xusto diante ou detrás dun tractor que estea a traballar.</li> <li>✓ Só debe ir sobre o tractor o seu condutor, que debe estar cualificado para conducilo. Non utilice o tractor para transportar persoal.</li> <li>✓ En terreo pendente, o persoal non debe colocarse xusto encima ou debaixo do tractor, para evitar esvarar cara a el ou que caian pedras ou outros materiais desde a rúa que abre o tractor.</li> <li>✓ Facerse ver polo condutor dos vehículos cando se pase ou se estea traballando preto deles.</li> <li>✓ Respectar sempre as normas de tráfico, especialmente os sinais de “stop”, adiantamentos e semáforos.</li> </ul>
<b>EPI</b>	---





## 22 – ACCIDENTES DE TRÁFICO

Están comprendidos os accidentes de tránsito ocorridos dentro da xornada laboral independentemente de que sexa a tarefa habitual ou non.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Desprazamentos en vehículos.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Vixilante móbil.</li> <li>○ Vixilante fixo.</li> <li>○ Emisorista.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> <li>○ Operador-codificador.</li> <li>○ Técnico.</li> <li>○ Técnico superior.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DESPRAZAMENTOS TERRESTRES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Os camións motobomba, aínda que vaian a un incendio, deben respectar o Código de Circulación, especialmente no que se refire a sinais de “stop”, adiantamentos, e semáforos. Se usa sirena e luz vermella ou vai escoltado pola policía, pode saltar os sinais, pero tomando sempre precaucións.</li> <li>✓ Se se aparcen estes camións en estradas xerais, débese sinalizar a súa situación, de acordo co Código.</li> <li>✓ O camiión debe ir sempre con emisora e extintor.</li> <li>✓ A boa conservación do camiión motobomba antes e despois do incendio é fundamental para a súa utilización segura.</li> <li>✓ Todos os vehículos deben respectar as normas do Código de Circulación.</li> <li>✓ Os condutores non deben traballar máis de 12 horas seguidas. Debe haber un descanso mínimo de 12 horas ininterrompidas entre dúas quendas.</li> <li>✓ Ao conducir de noite, o condutor debe ir acompañado na cabina por outra persoa, desperta, que o axude a descubrir posibles obstáculos.</li> <li>✓ O persoal transportado na caixa do camiión debe sentarse no piso dela.</li> <li>✓ Non se debe levar persoal e material solto no mesmo lugar.</li> <li>✓ Os vehículos utilizados deben estar ben conservados. Se o vehículo é alugado, debe comprobarse o seu estado antes de utilizalo.</li> <li>✓ No incendio, os vehículos débense situar apartados da dirección do avance do lume; os vehículos deben estar na dirección de saída e xamais obstruíndo a vía ou a pista.</li> </ul>
<b>EPI</b>	---





### 23 – ACCIDENTES AÉREOS

Están comprendidos os accidentes de tránsito ocorridos dentro da xornada laboral.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Desprazamentos en helicóptero.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón.</li> <li>○ Xefe de brigada</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>DESPRAZAMENTOS AÉREOS:</b>  <u>Durante o embarque:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Agardar a certa distancia da parte dianteira do helicóptero a que o piloto nos faga un sinal para subir a bordo.</li> <li>✓ Sen apresurarse, achegarse ao aparello; coa cabeza lixeiramente baixa. Hai que mirar para o chan e non para as pas, xa que isto distrae a atención, podendo tropezar e caer ao chan.</li> <li>✓ Os cascos deben ir suxeitos á cabeza coa súa correspondente correa de seguranza ou barbaqueixo, e as luvas de protección postas.</li> <li>✓ As ferramentas deben transportarse sempre en posición horizontal. As pas do helicóptero no seu xiro poderían golpealas.</li> <li>✓ Unha vez que chegamos ao helicóptero, o primeiro que se fai é depositar as ferramentas no piso do aparello.</li> </ul> <p><u>Unha vez dentro do helicóptero e durante o voo:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ É obrigatorio abrochar o cinto.</li> <li>✓ A cuadrilla distribúese atendendo ao peso dos seus compoñentes. Os máis gordos e corpulentos non deben ir sentados todos no mesmo lado.</li> <li>✓ Debemos ter en conta que o piloto é o comandante da aeronave e en todo momento debemos obedecer as súas instrucións.</li> <li>✓ O casco debe ir ben suxeito coa correa de seguranza, ou en caso contrario na man, ou baixo o brazo.</li> <li>✓ Mantéñase alerta e atento aos posibles obstáculos que puideren aparecer: liñas eléctricas, outros avións que estiveren actuando no incendio ou noutros posibles incendios.</li> <li>✓ A cabina do helicóptero é pequena, procure moverse o menos posible.</li> </ul> <p><u>Durante o desembarque:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Agardar a autorización do piloto para desembarcar do helicóptero.</li> <li>✓ Ábrense as portas laterais e o personal descende de forma ordenada e rápida por elas.</li> <li>✓ O último peón en descender descarga as ferramentas en posición horizontal e pecha as portas, comprobando que quedan perfectamente pechadas</li> <li>✓ Tanto o embarque como o desembarque debe facerse de forma que o piloto sempre poida ver a operación.</li> <li>✓ Cando o helicóptero toma terra nunha ladeira, hai que afastarse ou aproximarse pola parte máis baixa dela, de forma que as pas do rotor principal queden o máis distantes posible da cabeza dos operarios.</li> </ul>
<b>EPI</b>	<b>Cascos de protección.</b>






## 24 – CAUSAS NATURAIS

Inclúense os accidentes sufridos no centro de traballo pero que non son consecuencia do propio traballo, senón que son atribuídos a causas naturais que tamén poden darse fóra do posto de traballo (treboadas, raios, infartos ...).

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Tarefas de vixilancia.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Vixilante móbil.</li> <li>○ Vixilante fixo.</li> <li>○ Emisorista</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>EN CASO DE TREBOADA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Desconecte a emisora da batería e da antena.</li> <li>✓ Se se está nunha caseta e o pararraios está instalado, débense pechar portas e fiestras e colocarse lonxe destes ocos e de toda clase de cables, tubaxes, estufas e chemineas.</li> <li>✓ Se se está nunha torre e o pararraios está instalado, pódese permanecer na cabina, coa porta e fiestra pechadas. Se a tormenta impresiona moito, pódese abandonar a torre deixando a emisora desconectada.</li> <li>✓ Cando se está no exterior, débese buscar refuxio baixo arboredo denso, nunha cova, nun val ou ao pé dunha gran rocha ou parede.</li> <li>✓ En todo caso, débense evitar as árbores illadas, as liñas eléctricas, as cercas de arame, os picos, os amplos espazos abertos e as edificacións pequenas sen pararraios.</li> <li>✓ Para evitar danos nos oídos polos tronos, convén taponalos con algodón.</li> <li>✓ Ao principio da tempada convén comprobar a instalación do pararraios. O cable de baixada debe estar separado mediante illadores de porcelana.</li> <li>✓ A toma de terra pode fallar por rotura do cable a rente do chan debido á oxidación. Se isto se produce, deberá empatarse un anaco de cable novo á barra ou placa que está soterrada. É interesante manter húmida a toma de terra, sobre todo en tempo seco.</li> </ul>
<b>EPI</b>	---






### 25 – EXPOSICIÓN A AXENTES QUÍMICOS

Están constituídos por materia inerte presentes no aire baixo formas diversas: po, fume...etc.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón e peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada.</li> <li>○ Axente forestal.</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p style="color: green;"><b>DURANTE O TRABALLO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Débense usar correctamente os equipamentos de protección para evitar a exposición a estes axentes.</li> <li>✓ Os equipamentos de protección deberanse colocar antes de chegar ao incendio.</li> </ul>
<b>EPI</b>	Máscara, luvas e lentes.

### 26 – EXPOSICIÓN AO RUÍDO


O producido pola maquinaria empregada nos labores de prevención/extinción de incendios.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Eliminación do combustible por corte.</li> <li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li> <li>○ Arrefriamento</li> <li>○ Sufocación.</li> </ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Peón.</li> <li>○ Peón condutor.</li> <li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li> <li>○ Condutor de motobomba.</li> <li>○ Xefe de brigada</li> </ul>
<b>Medidas</b>	<p style="color: green;"><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Non utilice a motoserra co silenciador estragado.</li> <li>✓ Non manexe a rozadora co silenciador estragado.</li> <li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li> </ul>
<b>EPI</b>	 Protectores auditivos.



## 27 – EXPOSICIÓN A VIBRACIÓNS

As producidas pola maquinaria empregada nos labores de prevención/extinción de incendios.


<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Eliminación do combustible por corte.</li><li>○ Eliminación do combustible por decapaxe.</li></ul>
<b>Persoal</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>○ Peón.</li><li>○ Peón condutor.</li><li>○ Oficial 2ª mecánico de maquinaria de incendios.</li><li>○ Condutor de motobomba.</li></ul>
<b>Medidas</b>	<p><b>MANEXO DE FERRAMENTAS MOTORIZADAS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>✓ Débese controlar o sistema antivibracións da motoserra e da rozadora.</li><li>✓ Débese manter afiada correctamente a cadea e coa tensión axeitada.</li><li>✓ Se nota vibracións anormais durante o traballo, pare a máquina e revise o útil de corte.</li><li>✓ Use o útil de corte correspondente para cada tipo de mato.</li><li>✓ Débese dispoñer de autorización para o seu manexo, manual da máquina e formación.</li></ul> 
<b>EPI</b>	<b>Luvax.</b>



## EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

<b>Traxe ignífugo</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EPI de <i>Categoría II</i>.</li><li>• Composto de tecido ignífugo de unha ou dúas pezas que cubra os brazos ata os pulsos e as pernas ata os nocellos, tipo <i>Proban, Kevlar, Karvin,....</i></li><li>• Con reforzos nas zonas de maior fricción e peche de cremalleira metálica inoxidable oculta.</li><li>• Resistente á esgazadura.</li><li>• Toda a peza estará cosida con fío ignífugo e os velcros serán ignífugos e elásticos.</li></ul>	 
<b>Luvas</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EPI de <i>Categoría II</i>.</li><li>• De coiro e que cubran un terzo do antebrazo.</li><li>• Resistentes á abrasión, á perforación, ao corte, á esgazadura e á calor.</li></ul>	
<b>Botas</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EPI de <i>Categoría II</i>.</li><li>• Calzado forte, de coiro impermeabilizado e transpirable que permita a aireación do pé.</li><li>• A sola será de goma dura, labrada e antiesvarante, cosida, non vulcanizada nin pegada.</li><li>• Resistente á calor por contacto, á perforación, e ao risco de impacto por medio de biqueira reforzada.</li></ul>	
<b>Casco</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EPI de <i>Categoría II</i>.</li><li>• Lixeiro e axustado, con arnés interior e barbaqueixo indispensable con puntos de ancoraxe.</li><li>• Resistente á absorción de impactos, á perforación e á chama.</li></ul>	
<b>Máscaras</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EPI de <i>Categoría III</i>.</li><li>• Deberán cubrir a zona buco-nasal e posuír válvulas de membrana e filtros desmontables de partículas P3 (contra pos finos, tóxicos, fumes e néboas en base acuosa).</li></ul>	
<b>Lentes</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EPI de <i>Categoría II</i>.</li><li>• Con montura transparente, flexible e envolvente da parte superior da cara.</li><li>• Con ampla visión e ocular plano e con bandas elásticas para a súa fixación e orificios para evitar o seu empañado.</li><li>• Resistentes aos golpes e non inflamables.</li></ul>	



<b>Protectores auditivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• EPI de <i>Categoría II</i>.</li><li>• Que proporcionen a atenuación de sons de niveis altos.</li><li>• Recoméndase que o equipo seleccionado permita escoitar sons de advertencia externos.</li></ul>	
----------------------------------	---	---

## PRECAUCIÓNS XERAIS

- AO chegar ao lume, o primeiro que debe determinarse é o camiño para escapar, se fora necesario.
- Débense colocar vixías que avisen de variacións do lume, caída de rochas ou de árbores.
- Debe preverse un sitio para descansar e comer, apartado do lume e de vehículos en movemento.
- As cuadrillas que vaian a traballar de noite non deben chegar ao lume antes de que oscurezca, para recoñecer o terreo con luz.
- O persoal non debe traballar máis de 12 horas seguidas, máis outras dúas horas para a viaxe de ida e volta do lume. O descanso non debe ser menor de doce horas seguidas.
- Se hai líñas eléctricas na zona de extinción, deberá desconectarse a corrente. É perigoso dirixir chorros de auga cara ás líñas.
- O que dirixe a extinción debe estar informado dos posibles cambios metereolóxicos que inflúan no incendio.





## SITUACIÓNS NAS CALES O PERIGO AUMENTA

- Cando se está construíndo unha liña de defensa cara abaixo da ladeira co lume subindo.
- Cando o lume baixa pola ladeira e rodan materiais en ignición que poidan prender debaixo ou detrás de onde está o persoal.
- Cando empeza a soprar o vento ou se fai máis forte ou cambia de dirección.
- Cando o tempo se torna máis cálido e seco.
- Cando se está traballando en terreo con vexetación moi basta e hai gran cantidade de combustible entre a liña e o incendio.
- Cando se esté lonxe da zona queimada e o terreo e a densidade do mato dificultan o movemento.
- Cando se está nun lugar que non se viu de día ou que é descoñecido para o persoal.
- Cando se producen frecuentes focos secundarios.
- Cando o lume principal non se sabe onde está, e non se ten comunicación cos que o ven.
- Cando se atopa un illado e sen contacto cos demais.
- Cando un se sente esgotado e somnolento e está preto da liña de lume

En todos estes casos, o que dirixe debe estar alerta para retirar o persoal así que advirta que o perigo aumenta. Ninguén debe desobedecer a orde de retirada.



## CÓMO ESCAPAR DUN INCENDIO

- Evitar o pánico, se o pánico nos atordoia, a capacidade de xuízo diminúe moito e entón a supervivencia convértese nun problema de sorte.
- Non correr a menos que o escape sexa claro, non correr ás toas ou innecesariamente. Procure afastarse cara aos flancos dun lume, fuxindo costa abaixo (coidado en zonas confinadas).
- Procurar ir á área queimada, non se entreteña; se a saída está cruzando as lapas, fágao. Non cruzar frontes de máis de 1 m de largo. Débese poder ver a través das lapas. Cubra a pel exposta. Tome aire profundamente e cruce rapidamente.
- Regule a respiración, para previr a inhalación de fume denso, respire sen profundidade, con inhalacións curtas preto do chan.
- Realice unha queima de alarga, se non é posible cruzar á área queimada, queime a herba e o resto de combustibles finos entre vostede e o lume. Quede na área queimada e cubra a pel ao máximo. Esta acción non é efectiva con combustible pesado que permanece en ignición moito tempo.
- Protéxase da radiación, métase nunha pequena depresión ou detrás dunha rocha, pozas, regatos, lagos ou vehículos ou edificios. Non se refuxie en depósitos elevados de auga. En pozos ou covas non é aconsellable refuxiarse, xa que o oxíxeno non se renova. Cubra a pel con roupa de algodón ou con lama
- Déitese no chan, nunha emerxencia, déitese cara abaixo nunha zona que non vaia arder. Protexa a pel. Nesta posición é máis doado sobrevivir que de xeonllos ou de pé.



## 10 NORMAS DE SEGURANZA

- **Débense observar sempre as condicións climáticas no incendio.**
- **Saiba o que está sucedendo ao seu arredor no incendio.**
- **Antes de actuar pense no que poida facer o lume.**
- **Teña preparada sempre una ruta de escape.**
- **Evite actuar en lugares sen saída.**
- **Manteña a concentración, a calma, pense craramente, sexa decidido.**
- **Non perda contacto co seu grupo ou cuadrilla.**
- **Se non entende as instrucións pida que se lles aclaren.**
- **Manteña o control do persoal en todo momento.**
- **Actúe agresivamente contra o incendio, pero non esquezna que a seguranza é prioritaria.**

Anotacións: